Primeiro.- Aprobar a certificación única e final, e a factura núm. 2019-19011 de data 23/09/2019 por importe de setenta e oito mil trescentos noventa e oito euros con oitenta e un céntimos (78.398,81.-) EUROS e un I.V.E. de dezaseis mil catrocentos sesenta e tres euros con setenta e cinco céntimos (16.463,75.-), facendo un total de NOVENTA E CATRO MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (94.862,56) da empresa CANTERAS ISIDRO OTERO S.L. con NIF. B27250190, referente á obra denominada “MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS DE TRAVESÍA DA MARIÑA-AVDA. DE MONDOÑEDO, CALVO SOTELO, RÚA SECRETARIO LUIS IGLESIAS-CARLOS PEREGRÍN OTERO, MADERNE E VEIGA DE SANTO ADRAO NO CONCELLO DE LOURENZA” .

Segunda.- Remitir certificación do presente acordo así como do correspondente xustificante de pago a Exma. Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**CERTIFICACIÓN UNICA MELLORA VIAS MUNICIPAIS DE COMBRE, CASAL, BATÁN, OURAL, VALIÑA, OUTEIRO E SAN LOURENZO NO CONCELLO DE LOURENZA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E ÚNICA : “MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS DE COMBRE, CASAL, BATÁN, OURAL, VALIÑA, OUTEIRO E SAN LOURENZO NO CONCELLO DE LOURENZA".

Neste punto, vista a factura núm. 2019-19012 de data 23/09/2019 presentada por CANTERAS ISIDRO OTERO S.L. con NIF. B27250190, con domicilio social en Valiñadares núm. 8 baixo (27740 Mondoñedo -Lugo) cun importe de 15.072,50 euros, IVE incluído, e referente á execución da obra denominada “MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS DE COMBRE, CASAL, BATÁN, OURAL, VALIÑA, OUTEIRO E SAN LOURENZO NO CONCELLO DE LOURENZA” correspóndete ao remanente do PLAN ÚNICO 2018 da Exma. Deputación Provincial.

Vista a certificación única e final de obra emitida pola redactora do proxecto e directora das obras, a arquitecta Dª. Marta Sánchez Seivane.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade ACORDA:



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: AZ7CXCCRP5N23YEEWP7S2X7HE | Corrección: http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 28

Primeiro.- Aprobar a certificación única e final, e a factura núm. 2019-19012 de data 23/09/2019 por importe de doce mil setenta catrocentos cincuenta e seis euros con sesenta e un céntimos (12.456,61.-) EUROS e un I.V.E. de dous mil seiscentos quince euros con oitenta e nove céntimos (2.615,89.-), facendo un total de QUINCE MIL SETENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (15.072,50.-) EUROS da empresa CANTERAS ISIDRO OTERO S.L. con NIF. B27250190, referente á obra denominada “MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS DE COMBRE, CASAL, BATÁN, OURAL, VALIÑA, OUTEIRO E SAN LOURENZO NO CONCELLO DE LOURENZA” .

Segunda.- Remitir certificación do presente acordo así como do correspondente xustificante de pago a Exma. Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN "ILUMIN@"**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o Convenio interadministrativo para a cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá no desenvolvemento do proxecto"Ilumin@-renovación de lámpadas e luminarias existentes por luminarias de tecnoloxía led -Deputación de Lugo", cofinanciado nun 80€ polo FEDER asumindo a Deputación de Lugo o 20% restantes, para a actuación:"Ahorro y eficiencia enerxética en los alumbrados públicos de Arroxo y Alemparte" por importe de dezaseis mil vinte e dous euros con tres céntimos (16.022,03), a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio a subscribir entre o Concello de Lourenzá e a Excma. Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento do proxecto"Ilumin@-renovación de lámpadas e luminarias existentes por luminarias de tecnoloxía led -Deputación de Lugo" para a actuación: "Ahorro y eficiencia enerxética en los alumbrados públicos de Arroxo y Alemparte" por importe de dezaseis mil vinte e dous euros con tres céntimos (16.022,03), segundo está redactado e que se une como anexo.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura do citado Convenio.

Terceiro.- Remitir certificación do presente acordo a Excma. Deputación Provincial para os efectos procedentes.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: AZ7CXCCRP5N23YEEWP7S2X7HE | Corrección: http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 28

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: AZ7CXCCRP5N23YEEWP7S2X7HE | Corrección: http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 28

DEPUTACIÓN DE LUGO

FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL (FEDER)

Economía Baja en Carbono Entidades Locales

IDAE

**CONVENIO INTERADMINISTRATIVO PARA A COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LOURENZÁ NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "ILUMIN@ – RENOVACIÓN DE LÁMPADAS E LUMINARIAS EXISTENTES POR LUMINARIAS DE TECNOLOXÍA LED – DEPUTACIÓN DE LUGO". O PROXECTO ESTÁ COFINANCIADO NUN 80% POLO FEDER ASUMINDO A DEPUTACIÓN DE LUGO O RESTANTE 20%**

**En Lugo, XX de XX de 2019**

**REUNIDOS:**

Dunha parte, o Ilmo. Sr. Don JOSÉ TOMÉ ROCA con DNI: 76561868C, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo con CIF. P-2700000-I, actuando en virtude do disposto no artigo 34.1 da Lei 7/85 de 2 de abril e no artigo 61 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

De outra parte, Don/Dona ROCÍO LÓPEZ GARCÍA con DNI 76580879X, Alcaldesa do Concello de LOURENZÁ con CIF. P2702700B, en uso das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril , reguladora das Bases de Réximen Local e o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

Ante Dna. MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Secretaria Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

As partes comparecentes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente convenio de colaboración aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo,

**<u>EXPOÑEN</u>**

**PRIMEIRO**.- No BOE do 17 de xuño de 2017 publicouse o Real Decreto 616/2017*, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

*Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro, polo que se modifica el Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, ampliando o seu orzamento e vixencia.

**"Una manera de hacer Europa"**
**Cofinanciado en un 80% por el FEDER**

**UNIÓN EUROPEA**

Cod. Validación: AZ7CXCCRP5N23YEEWP7S2X7HE | Corrección: http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 28

*Real Decreto 316/2019, de 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

**SEGUNDO.-** Aos efectos do mencionado Real Decreto poden ser beneficiarias das axudas **as Deputacións Provinciais**, cando actúen, ben en representación dunha agrupación formada por municipios, ou ben no seu caso, **realicen os investimentos e promovan as actuacións acollidas a esta liña de axudas nalgún dos devanditos municipios.**

**TERCEIRO.-** Debido á experiencia acumulada pola Deputación de Lugo neste tipo de fondos, dende este organismo tense a intención de actuar, en virtude do disposto no artigo 5. b) do R.D 616/2017, en representación dunha agrupación formada por Concellos da provincia de Lugo, a través do Proxecto ILUMIN@ – Renovación de lámpadas e luminarias existentes por luminarias de tecnoloxía LED, para solicitar dentro das distintas medidas posibles **a *Medida 6 "Renovación de las instalaciones de alumbrado, iluminación y señalización exterior"*** onde o obxectivo deste proxecto será a redución do gasto enerxético en polo menos un 30% mediante o uso de luminarias con tecnoloxía LED e obtendo unha clasificación enerxética A ou B, segundo as bases do R.D. 616/2017, Medida 6, apartado 4 *"Requisitos técnicos de eficiencia energética o mejora medioambiental"*.

**CUARTO.-** Con data 18 de maio de 2018, esta Deputación de Lugo a través da Xunta de Goberno aprobou a presentación ante o IDAE do proxecto ILUMIN@ – Renovación de lámpadas e luminarias existentes por luminarias de tecnoloxía LED na convocatoria de axudas a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 regulada a través do Real Decreto 616/2017. Ao proxecto finalmente se adheriron 38 Concellos.

Con data 8 de xuño de 2018 dende a Deputación de Lugo procedeuse a presentar a solicitude de subvención, a través da plataforma do IDAE.

Posteriormente con data 16 de xullo de 2019 o IDAE notifica á Deputación de Lugo a **RESOLUCIÓN FAVORABLE** en virtude da cal o Proxecto ILUMIN@ obtivo a axuda solicitada na convocatoria. A resolución foi emitida polo Director Xeral do IDAE con data 16 de xullo do 2019 (Nº de rexistro de saída : 201900005999 - 16/07/2019 07:23).

O importe total do proxecto é de **722.590,36 €,** sendo a cofinanciación do FEDER dun 80% **578.072,26 €** asumindo a Deputación de Lugo o restante 20% con fondos propios **144.518,10€.** O proxecto correspóndese coa memoria técnica presentada ao IDAE a cal se elaborou en base á documentación técnica aportada polo Concello.



Cod. Validación: AZ7CXCCRP5N23YEEWP7S2X7HE | Corrección: http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 28

Posteriormente con data 02 de agosto de 2019 a Deputación de Lugo a través da Xunta de Goberno, acordou a aceptación da subvención que lle foi concedida a través da resolución emitida polo Director Xeral do IDAE con data 16 de xullo do 2019 (Nº de rexistro de saída : 201900005999 - 16/07/2019 07:23), así como as condicións impostas na mesma.

**QUINTO.-** Trala obtención da subvención, é preciso instrumentar a relación de cooperación interadministrativa entre a Deputación de Lugo e o Concello de LOURENZÁ a través dun Convenio Interadministrativo de Cooperación, ao fin de regular as condicións e compromisos que asume cada unha das partes no desenvolvemento do Proxecto ILUMIN@. Sendo este o motivo da sinatura do presente documento.

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.- OBXECTO**

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de LOURENZÁ no exercicio das súas competencias, para alcanzar un fin común, que é o desenvolvemento do proxecto ILUMIN@. A actuación estará cofinanciada nun 80% polo FEDER asumindo a Deputación de Lugo o restante 20% con fondos propios.

Para alcanzar ese obxectivo compartido, ambas administracións se comprometen a realizar a seguinte actuación, que se corresponde coa memoria presentada ao IDAE a cal se elaborou en base á documentación técnica aportada polo Concello.

| ACTUACIÓN CONCELLO DE LOURENZÁ | IMPORTE TOTAL | 80% FEDER | 20% DEPUTACIÓN DE LUGO |
|---|---|---|---|
| AHORRO Y EFICIENCIA ENERXÉTICA EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DE ARROXO Y ALEMPARTE | **16.022,03 €** | **12.817,62 €** | **3.204,41 €** |

Estes importes poderán ser rebaixados no caso de que se produza unha baixada no proceso de adxudicación, debendo cumprirse co estipulado no artigo 13.9 do R.D. 616/2017 onde literalmente di: *"En caso de que, durante el proceso de contratación de las actuaciones, se produzca un reajuste a la baja de la inversión prevista en el proyecto, mediante resolución complementaria del Director General del IDAE, que será notificada al beneficiario, se ajustarán los importes de inversión prevista y cofinanciación FEDER necesaria. Dichos importes no podrán superar, en ningún caso, los importes de asignación de subvención originales correspondientes a las actuaciones que conforman el proyecto inicialmente seleccionado"*.



Cod. Validación: AZ7CXCCRP5N23YEEWP7S2X7HE | Corrección: http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 28

Ambas administracións obríganse a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

**SEGUNDA.-Ámbito territorial**

O ámbito de desenvolvemento dos investimentos que son obxecto do presente convenio correspóndense coa provincia de Lugo; e concretamente, no termo municipal de LOURENZÁ.

**TERCEIRA.-OBRIGACIÓNS DAS PARTES**

a) **Obrigacións da Deputación de Lugo**

1. Participar, a través do proxecto: "ILUMIN@ – Renovación de lámpadas e luminarias existentes por luminarias de tecnoloxía LED – Deputación de Lugo" na convocatoria regulada polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, **aceptando o procedemento regulado nese Real Decreto**. En concreto no referente ao indicado para a **Medida 6, apartado 4 do R.D. "Requisitos técnicos de eficiencia energética o mejora medioambiental"**. A actuación é a seguinte: AHORRO Y EFICIENCIA ENERXÉTICA EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DE ARROXO Y ALEMPARTE, sendo o importe total da mesma **16.022,03 €** estando cofinanciada nun 80% polo FEDER asumindo o restante 20% a Deputación de Lugo con fondos propios.

2. Actuar representando ao Concello de LOURENZÁ. A Deputación de Lugo polo tanto, asumirá os dereitos e deberes inherentes á condición de representante do Concello no proxecto ILUMIN@, aceptando a cesión de dereitos realizada polo Concello en favor desta entidade. A titularidade das instalacións obxecto da subvención será do Concello de LOURENZÁ. A representación da Deputación de Lugo efectúase en virtude e en cumprimento do disposto no apartado 2.b do artigo 5 do RD 616/2017.

3. Presentar ante o IDAE toda a documentación necesaria para obter a subvención de acordo co establecido no Real Decreto (tanto a que corresponda elaborar a Deputación de Lugo como a que corresponda elaborar ao Concello).

4. Habilitar crédito suficiente para financiar o proxecto plantexado para o Concello de LOURENZÁ por importe de **16.022,03 €**. Con isto dáse cumprimento ao establecido no punto 7 do artigo 3 do R.D onde se indica que a entidade beneficiaria (A Deputación de Lugo neste caso), deberá dispor de orzamento propio para acometer a actuación, xa que o importe que corresponda á cofinanciación FEDER que é do 80% se percibirá por esta entidade unha vez conclúa e se certifique a actuación.



Cód. Validación: AZ7CXCCRP5N23YEEWP7S2X7HE | Corrección: http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 28

5. Aportar con fondos propios o 20% non cofinanciado polo FEDER, que ascende a cantidade **3.204,41 €.**

6. Realizar as contratacións pertinentes obxecto destas axudas.

7. Actuar nas instalacións obxecto da subvención, as cales foros elixidas polo Concello.

8. Unha vez finalizadas as actuacións, a Deputación entregará as instalacións obxecto da actuación ao Concello de LOURENZÁ, o cal asumirá os custes correspondentes polo seu mantemento e xestión respectando as condicións obxecto da subvención, e facilitando o acceso as mesmas tanto ao persoal da Deputación de Lugo coma ao persoal do IDAE nas labores de control que se executen nas instalacións, colaborando co persoal da Deputación de Lugo nestas labores de control.

9. Presentar a documentación necesaria ante o IDAE para a xustificación das actuacións e solicitar a este organismo a parte cofinanciada polo FEDER que se corresponde co 80% da actuación xustificada.

10. O prazo previsto para a execución das actuacións, en virtude da RESOLUCIÓN FAVORABLE DO IDAE Nº de rexistro de saída : 201900005999 - 16/07/2019 07:23, en virtude da cal se concedía a subvención é de 30 meses a contar dende a data de notificación da mesma que foi o 16 de Xullo de 2019, todo elo salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, non pudendo esta ampliación superar a metade do prazo inicialmente concedido.

**b) Obrigacións do Concello de LOURENZÁ**

1. Participar a través do proxecto: *"ILUMIN@ – Renovación de lámpadas e luminarias existentes por luminarias de tecnoloxía LED – Deputación de Lugo"*, concretamente coa a seguinte actuación: AHORRO Y EFICIENCIA ENERXÉTICA EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DE ARROXO Y ALEMPARTE na convocatoria regulada polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a una economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 aceptando o procedemento regulado nese Real Decreto. En concreto no referente ao indicado para Medida 6, apartado 4 do R.D. "Requisitos técnicos de eficiencia energética o mejora medioambiental". O importe total da actuación que afecta ao Concello é de **16.022,03 €,** estando cofinanciada nun 80% polo FEDER asumindo o restante 20% a Deputación de Lugo con fondos propios.



Cod. Validación: AZ7CXCCRP5N23YEEWP7S2X7HE | Corrección: http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 28

2. Ceder os dereitos do Concello en favor da Deputación de Lugo autorizando á mesma para que actúe como representante do Concello a través do proxecto: *"ILUMIN@ – Renovación de lámpadas e luminarias existentes por luminarias de tecnoloxía LED – Deputación de Lugo"*, concretamente coa a seguinte actuación: AHORRO Y EFICIENCIA ENERXÉTICA EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DE ARROXO Y ALEMPARTE na convocatoria regulada polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño. A medida obxecto de actuación será a Medida 6, apartado 4 do R.D. "Requisitos técnicos de eficiencia energética o mejora medioambiental".

3. Autorizar á Deputación de Lugo para que presente ante o IDAE no seu nome toda a documentación necesaria referente a estas axudas (presentación de documentación, xustificación, etc...).

4. O Concello de LOURENZÁ, que foi quen elixiu a actuación obxecto da subvención, se compromete a que as instalacións do proxecto: AHORRO Y EFICIENCIA ENERXÉTICA EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DE ARROXO Y ALEMPARTE son de titularidade municipal, atopándose as mesmas libres de cargas.

5. Someterse a normativa comunitaria e nacional de aplicación así como ao R.D 616/2017.

6. Colaborar en todo momento coa Deputación de Lugo, aportando os datos, información e documentación necesarios para a execución da actuación. Tamén facilitará e participará activamente na dinamización do proceso de participación pública que se poida requirir para a execución do proxecto.

7. Para dar cumprimento ao establecido segundo as bases do R.D. 616/2017, articulo 4, apartado 3, o Concello se compromete non volver a presentar de forma individual ou agrupada a actuación elixida polo mesmo no ***Proxecto "ILUMIN@ – Renovación de lámpadas e luminarias existentes por luminarias de tecnoloxía LED – Deputación de Lugo"***, para a mesma convocatoria.

8. Autorizar á Deputación de Lugo para que esta realice as contratacións pertinentes obxecto destas axudas.

9. Autorizar á Deputación de Lugo para que actúe nas instalacións obxecto da subvención, acometendo así a Deputación de Lugo as actuacións pertinentes. Ademais o Concello comprométese a facilitar á Deputación de Lugo sen coste algún para a Deputación as correspondentes licenzas e permisos pertinentes, así como no caso de que así se requiran



Cód. Validación: AZ7CXCCRP5N23YEEWP7S2X7HE | Corrección: http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 28

os informes sectoriais e urbanísticos, acta de replanteo previo cando lle sexan solicitados pola Deputación de Lugo.

10. Unha vez finalizadas as actuacións, recibir as mesmas, así como a velar e asumir os custes correspondentes polo seu mantemento e xestión respectando as condicións obxecto da subvención, e facilitando o acceso as mesmas tanto ao persoal da Deputación de Lugo coma ao persoal do IDAE nas labores de control que se executen nas instalacións, colaborando co persoal da Deputación de Lugo nestas labores de control. O Concello tamén se compromete a manter o cartel indicativo da actuación alo menos ata o fin do ano 2023, segundo se establece no artigo 17.2 do R.D 616/2017.

**CARTA.-INCUMPRIMENTO**

**No caso de que o Concello de LOURENZÁ incumpra algunha das condicións establecidas no R.D. 616/2017 o Concello asumirá o custo derivado do mencionado incumprimento.** Se a Deputación Provincial de Lugo perdese os importes concedidos polos Fondos FEDER, como consecuencia do incumprimento por parte do Concello tanto do R.D 616/2017 como da normativa comunitaria, dalgunha das estipulacións do presente convenio ou das recomendacións da Deputación de Lugo no relativo ao cumprimento da normativa estatal de aplicación a este tipo de proxectos, e en especial ao previsto no Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto (polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión) e no Real Decreto 1890/2008, do 14 de novembro (polo que se aproba o Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior e as súas Instrucións técnicas complementarias EA-01 a EA-07), **O CONCELLO DEBERÁ ABONAR Á DEPUTACIÓN A TOTALIDADE DA CANTIDADE PERDIDA.**

**QUINTA.- PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO**

A vixencia do Convenio comezará no momento da súa sinatura, e terá unha duración **de 4 anos**. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do Convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata 4 anos adicionais, dando cumprimento ao disposto no apartado 2º h) do artigo 49 la Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

**SEXTA.- EXTINCIÓN E EFECTOS.**

O convenio se extinguirá polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas no artigo 51 da mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro.



Cod. Validación: AZ7CXCCRP5N23YEEWP7S2X7HE | Corrección: http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 28

O incumprimento do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigacións e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da mencionada lei 40/2015.

**SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Tendo en conta o establecido no artigo 49. f da Lei 40/2015, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente Convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento o que o sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como convidados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento se acomodará ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

1. Velar polo cumprimento deste convenio.
2. Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as actividades do programa que se vaian a emprender ao disposto do presente convenio.
3. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
4. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
5. En xeral, as que o artigo 49. f da Lei 40/2015 atribúelle aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

**OITAVA.- SISTEMAS DE COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

En virtude do disposto no artigo 8.3 e) do RD 616/2017, ambas as partes deberán cumprir cos requisitos de difusión e publicidade establecidos neste real decreto e en particular no artigo 17, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e cos deberes de información e comunicación que correspondan ao beneficiario con arranxo ao establecido no artigo 115 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional o dixital) que aludan ou informen da actividade, o Concello de LOURENZÁ ademais de incorporar os logotipos oficiais



Cód. Validación: AZ7CXCCRP5N23YEEWP7S2X7HE | Corrección: http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 28

do IDAE, utilizando a imaxe do Programa e carteleira oficial do mesmo dispoñible na páxina Web do IDAE, deberá indicar que a actuación está cofinanciada nun 80% por el FEDER e o 20% restante pola Deputación de Lugo.

O Concello de LOURENZÁ autoriza, coa firma do presente convenio, á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir polos medios ou canles que considere oportunos, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de colaboradora.

A Deputación e o Concello de LOURENZÁ se comprometen a difundir a actuación e a colaboración de ambas entidades no fin perseguido.

A Deputación e o Concello de LOURENZÁ se comprometen a cumprir coas determinacións do artigo 53 da mencionada lei 40/2015 que lles resulten aplicables.

**NOVENA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO**

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda do mesmo.

**DÉCIMA.- CARÁCTER DO CONVENIO**

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a teor do disposto no artigo 6 da mencionada Lei de Contratos onde se establece: *"Quedan excluidos del ámbito de la presente Ley los convenios, cuyo contenido no esté comprendido en el de los contratos regulados en esta Ley o en normas administrativas especiales celebrados entre sí por la Administración General del Estado, las Entidades Gestoras y los Servicios Comunes de la Seguridad Social, las Universidades Públicas, las Comunidades Autónomas y las Ciudades Autónomas de Ceuta y Melilla, las Entidades locales, las entidades con personalidad jurídico pública de ellas dependientes y las entidades con personalidad jurídico privada, siempre que, en este último caso, tengan la condición de poder adjudicado".*

As partes comprométense a resolver de forma amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.



Cod. Validación: AZ7CXCCRP5N23YEEWP7S2X7HE | Corrección: http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 28

DEPUTACIÓN DE LUGO

FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL (FEDER)

Economía Baja en Carbono Entidades Locales

IDAE

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sendo competente para atender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade dos termos expostos, as partes comparecentes asinan para este só efecto e por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data anteriormente indicados.

O PRESIDENTE DA
EXMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE
LUGO

JOSÉ TOMÉ ROCA

O/A ALCALDE/SA DE LOURENZÁ

ROCÍO LÓPEZ GARCÍA

A SECRETARIA XERAL

MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ

"Una manera de hacer Europa"
Cofinanciado en un 80% por el FEDER

UNIÓN EUROPEA

Cód. Validación: AZ7CXCCRP5N23YEEWP7S2X7HE | Corrección: http://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 28